

## ‘Celda 211’ e Luís Tosar triunfan nos premios de cine José María Forqué

---

**AXENCIAS**

**MADRID**

cultura@xornaldeg Galicia.com

---

A película *Celda 211*, do director Daniel Monzón e coproducida por Vaca Films, e o seu protagonista, Luís Tosar foron otriunfadores da noite na XV edición do Premio Cinematográfico José María Forqué, que cada ano reconece as mellores producións do cinema español.

A actriz Belén Rueda entregoulle o galardón de Mellor Película a *Celda 211*, nunha categoría onde competía con *Ágora* (Alejandro Amenábar), *El baile de la victoria* (Fernando Trueba), *El secreto de sus ojos* (Juan José Campanella) e *Yo, también* (Antonio Naharro e Álvaro Pastor).

Do mesmo xeito, o Premio á Mellor Interpretación Masculina, entregado pola cineasta Gracia Querejeta, recaeu no galego Luís Tosar, quen se impuxo aos seus colegas Marc Soto, nomeado por *Petit Indi* (Marc Recha), e Ricardo Darín, por *El secreto de sus ojos*.

Pola súa banda, a actriz Lola Dueñas levou o Premio á Mellor Interpretación Feminina, que lle foi entregado polo director Javier Fesser. A protagonista de *Yo, también* impúxose a Leticia Herrero, nomeada por *Gordos* (Daniel Sánchez Aréva-

Lola Dueñas foi escollida Mellor Actriz polo seu papel en ‘Yo, también’

lo), e a Nausicaa Bonnín, que lle dá vida a Léa en *Tres días con la familia* (Mar Coll). A maior produción cinematográfica de animación que se realizou en España ata a actualidade, *Planet 51*, dirixida por Jorge Blanco e escrita por Joe Stillman, foi galardoada co Premio á Mellor Longametraxe de Animación.

### **HOMENAXE A JULIO FERNÁNDEZ**

Á súa vez, Enrique Cerezo entregoulle a Medalla de Ouro do colectivo ao produtor Julio Fernández, en recoñecemento a toda a súa traxectoria e a súa dedicación ao cine. A ministra de Cultura, Ángeles González-Sinde, asegurou que o cinema español completou un ano “excepcional” e expandirase “se mantén “a conexión co público”. “Podemos expandir o noso cinema grazas, sobre todo, a que o único que lle sobra aos nosos artistas é talento”, precisou na gala dos premios. ■